

**1 Proxecto de Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas  
2 artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de  
3 Galicia e se regula o acceso ao dito grao.**

4

5 A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios  
6 xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 57 os aspectos  
7 básicos das ensinanzas superiores de Artes Plásticas e Deseño.

8

9 O Decreto 207/2005, de 14 de xullo, transformou as Escolas de Arte da  
10 Comunidade Autónoma de Galicia en Escolas de Arte e Superiores de Deseño,  
11 agrupando nelas, tanto as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño,  
12 como as ensinanzas superiores de deseño.

13

14 O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do  
15 Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación  
16 das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola citada Lei orgánica, e  
17 continúa coa publicación do Real decreto 633/2010 de 14 de maio, polo que se  
18 regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño,  
19 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación.

20

21 Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 633/2010 de 14 de maio,  
22 dispón que as Administracións educativas, vista a proposta dos centros,  
23 establecerán o plan de estudos, completando ata o total de 240 créditos os  
24 mínimos fixados nese Real decreto, de conformidade cos criterios que nel se  
25 determinan.

26

27 Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación  
28 Universitaria, vista a proposta das Escolas de Arte e Superiores de Deseño,  
29 estableza o plan de estudos destas ensinanzas para o seu ámbito  
30 competencial.

31

32 A finalidade da presente norma é a de definir o plan de estudos con  
33 identidade propia e con capacidade de adaptación ás particularidades das  
34 Escolas de Arte e Superiores de Deseño que as impartan, con criterios de rigor,  
35 calidade e excelencia. Asemade, preténdese potenciar a diversidade de  
36 procesos formativos para garantir un alto nivel de cualificación aos graduados e  
37 graduadas en Deseño, e posibilitar que os currículos se poidan adaptar ás  
38 expectativas e intereses formativos do alumando, así como á demanda social e  
39 do tecido cultural e empresarial.

40

41 Asemade, a presente orde establece as disposicións referentes á proba de  
42 acceso a estas ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real  
43 decreto 633/2010 de 14 de maio.

44

45 En consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola  
46 normativa anteriormente citada, a Consellería de Educación e Ordenación  
47 Universitaria

48

49

**DISPÓN**

50

51

**Capítulo I**

52

**Disposicións xerais.**

53

### **1Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.**

- 2 1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 633/2010 de 14 de  
3 maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas  
4 superiores de grao en Deseño, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio  
5 de Educación, a presente orde dispón, vista a proposta das Escolas de  
6 Arte e Superiores de Deseño, o plan de estudos para as ensinanzas de  
7 grao en Deseño.
- 8 2. Esta orde regula igualmente os procedementos para o acceso a estas  
9 ensinanzas.
- 10 3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade  
11 Autónoma de Galicia.

### **13Artigo 2.- Finalidade das ensinanzas de grao en Deseño.**

14As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou  
15graduado en Deseño deberán proporcionar unha formación práctica, teórica e  
16metodolóxica, a través do desenvolvemento das materias que conforman a  
17especialidade elixida, co fin de garantir a cualificación dos futuros profesionais  
18do Deseño, nos ámbitos relativos á concepción, formulación, comunicación e  
19dirección dos proxectos propios de cada especialidade, e á creación e inves-  
20tigación.

21

22

## **Capítulo II Estrutura das ensinanzas.**

23

24

### **25Artigo 3. -Estrutura básica do Título.**

- 26 1. A duración das ensinanzas de grao en Deseño en cada unha das súas  
27 especialidades, comprenderá catro cursos académicos, de 60 créditos  
28 ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS, de acordo co Sistema  
29 Europeo de Transferencia de Créditos.
- 30 2. Aos efectos do establecido no apartado anterior sobre os créditos  
31 europeos, terase en conta o previsto no artigo 4 do Real decreto  
32 1614/2009, do 26 de outubro polo que se establece a ordenación das  
33 ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de  
34 3 de maio, de Educación, e no artigo 6 do Real decreto 633/2010 de 14  
35 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas  
36 superiores de grao en Deseño, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio  
37 de Educación.

38

### **39Artigo 4. -Crédito europeo**

- 40 1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26  
41 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas  
42 superiores reguladas pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o haber  
43 académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos  
44 plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de  
45 ensinanzas artísticas superiores, medirase en créditos europeos ECTS.
- 46 2. Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e prácticas,  
47 así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das  
48 horas de estudo e de traballo así como mostras públicas e probas que o  
49 estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de  
50 cada unha das materias do plan de estudos.
- 51 3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias  
52 integradas no plan de estudos que deba cursar o estudante.

- 1 4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número  
2 de horas, entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a  
3 tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas  
4 superiores durante 38 semanas por curso académico.
- 5 5. O número de horas por crédito ECTS será de 25, en desenvolvemento  
6 do establecido polo Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, no seu  
7 artigo 4.4.

8  
9  
10 **Capítulo III**  
11 **O plan de estudos**

12 **Artigo 5.-Especialidades.**

- 13 1. As especialidades que configuran as ensinanzas de grao en Deseño  
14 na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:
- 15 ○ Gráfico.
  - 16 ○ Interiores
  - 17 ○ Moda
  - 18 ○ Produto

19  
20 **Artigo 6.-Competencias e perfís profesionais.**

21 De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 633/2010 de 14  
22 de maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores  
23 de grao en Deseño, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as  
24 competencias transversais, as competencias xerais, e as competencias  
25 específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades,  
26 son as que se determinan no anexo I do citado Real decreto.

27  
28 **Artigo 7.-Estrutura.**

- 29 1. A distribución dos 240 créditos ECTS totais e das materias que os  
30 completan será a seguinte:
- 31 a) As materias de formación básica do Título de grao en Deseño son as  
32 que figuran no anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que nela  
33 se establecen.
  - 34 b) As materias obrigatorias de especialidade do Título de grao en  
35 Deseño serán as que figuran no anexo I deste Decreto e terán os  
36 créditos ECTS que nel se establecen.
  - 37 c) As materias de libre elección propostas polas Escolas de Arte e  
38 Superiores de Deseño, do Título de grao en Deseño son aquelas que  
39 completan a formación específica do alumno, sendo obrigadas para  
40 este. As materias optativas son as ofertadas por cada Escola de Arte  
41 e Superior de Deseño, en número mínimo de tres, sendo opcionais  
42 para o alumnado, quen deberá cursar alomenos dúas delas. En  
43 calquera caso, a definición, contidos, horas lectivas e créditos ECTS  
44 correspondentes, tanto das materias de libre elección como das  
45 optativas serán propostas polos centros e autorizadas, se é o caso,  
46 pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e  
47 Innovación Educativa, atendendo á xustificación e peculiaridades  
48 amosadas, e a criterios de dispoñibilidade de recursos.
  - 49 d) Ás Prácticas Externas corresponderanlle entre 12 e 25 créditos  
50 ECTS, e o seu desenvolvemento será obxecto de regulación  
51 específica.
  - 52 e) O Traballo de Fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no cadro

1 de cada especialidade que figura no anexo I desta orde.

## 2

### 3 **Capítulo IV**

### 4 **Matrícula, Avaliación e Promoción**

#### 5

#### 6 **Artigo 8. - Matrícula**

- 7 1. O alumnado só poderá realizar a matrícula no grao en Deseño para  
8 realizar estudos oficiais con carácter presencial.
- 9 2. A matrícula no primeiro curso dos estudos de grao en Deseño será de  
10 curso completo.
- 11 3. Para o segundo, terceiro e cuarto cursos, os alumnos e alumnas  
12 poderán formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse  
13 obrigatoriamente nas materias de formación básica que suporán cando  
14 menos un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento dos  
15 criterios de promoción que oportunamente se establezan.
- 16 4. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun  
17 curso, no caso de ter pendentes materias coa mesma denominación ou  
18 de carácter progresivo, de cursos anteriores.

#### 19

#### 20 **Artigo 9. - Renuncia de matrícula**

21 O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante a dirección e  
22 presentada no rexistro da Secretaría da Escola. O prazo para a renuncia  
23 rematará o último día hábil do mes de setembro. A renuncia de matrícula  
24 suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará a devolución  
25 de taxas.

#### 26

#### 27 **Artigo 10. - Validación de materias**

- 28 1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días  
29 hábiles contados a partir do primeiro día de clase, segundo o establecido  
30 no calendario escolar fixado pola Consellería competente en materia de  
31 Educación. Para a solicitude de validacións o alumnado deberá cubrir un  
32 impreso oficial establecido nas normas de funcionamento das Escolas  
33 de Arte e Superiores de Deseño e achegar a documentación que  
34 corresponda.
- 35 2. As validacións de materias só se poden dar entre estudos do mesmo  
36 nivel: superior e/ou universitario.
- 37 3. Para as validacións de estudos cursados terase en conta o disposto no  
38 artigo 10 do Real decreto 633/2010 de 14 de maio, polo que se regula o  
39 contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño,  
40 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación ademais das  
41 seguintes especificacións:
- 42 a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra  
43 comunidade autónoma e se traslade á Comunidade Autónoma de  
44 Galicia, deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa  
45 superados por eles que non se adapten ao currículo desta  
46 comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá  
47 solicitar a validación de materias que teña superadas no centro de  
48 orixe, por aquelas do currículo desta comunidade autónoma, que  
49 teñan relación directa no seu deseño curricular.
- 50 b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades  
51 autónomas, o alumno achegará as programacións das materias  
52 superadas para que a Escola de Arte e Superior de Deseño

1 poida establecer cales das materias que figuran no currículo de  
2 Galicia lle poden ser validadas. Será competencia da Dirección  
3 Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
4 Educativa, previo informe da dirección da Escola, establecer as  
5 correspondentes validacións. Para a elaboración do devandito  
6 informe, a dirección solicitará, de ser o caso, asesoramento dos  
7 diferentes departamentos relacionados coas materias de que se  
8 trate.

9 c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do  
10 alumno. Neste suposto, xuntarase ao dito expediente toda a  
11 documentación relativa á devandita validación.

12 d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan  
13 validables por ningunha das materias que figuran no currículo da  
14 Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de  
15 recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou  
16 optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo  
17 procedemento de adaptación das materias antes citado.

### 18 19 **Artigo 11. -Convocatorias ordinarias e extraordinarias.**

20 1. En cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a  
21 valoración e avaliación do rendemento do alumnado nas materias  
22 anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

23 2. No caso de materias cuatrimestrais, as convocatorias para o primeiro  
24 cuatrimestre realizarase nos dez días seguintes ao remate das  
25 actividades lectivas presenciais correspondentes ao primeiro  
26 cuatrimestre, e igualmente no caso das materias do segundo  
27 cuatrimestre.

28 3. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma  
29 sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno non se  
30 presente ás probas, estando matriculado. O alumnado poderá solicitar  
31 anulación motivada de convocatoria que será resolta pola dirección da  
32 Escola.

33 4. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado  
34 só disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia.

### 35 36 **Artigo 12. - Anulación de convocatoria**

37 1. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, mediante  
38 solicitude dirixida á dirección da Escola, que poderá presentar ate o  
39 último día hábil do mes de xaneiro para a convocatoria ordinaria do  
40 primeiro cuatrimestre, e ata o último día hábil do no mes de maio  
41 para a convocatoria ordinaria do segundo cuatrimestre.

42 2. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria  
43 poderá realizarse ata unha semana antes da data de realización da  
44 proba.

45 3. Correspóndelle ao director/a do centro conceder a anulación de  
46 convocatoria, previo informe da xefatura de estudos, que, en todo  
47 caso, deberá ter unha causa suficiente que a xustifique, non sendo  
48 admisible como causa de anulación a falla de rendemento  
49 académico.

### 50 51 **Artigo 13. - Avaliación e sistema de cualificacións.**

52 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudante basearase no

- 1 grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias  
2 establecidas de acordo co perfil profesional definido para cada unha  
3 das especialidades recollidas nesta orde.
- 4 2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un  
5 carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de  
6 estudos. A avaliación do Tránsito fin de grao será única e requirirá ter  
7 aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.
- 8 3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións  
9 didácticas e serán obxectivables e mensurables de acordo cos  
10 parámetros que se definan para tal fin.
- 11 4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá  
12 superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.
- 13 5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da  
14 aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno  
15 en cada materia multiplicado cada un deles polo valor das  
16 cualificacións que correspondan á materia, e dividida a cifra resultante  
17 polo número de créditos totais superados polo alumno.
- 18 6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes exprésase con  
19 cualificacións numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada  
20 unha das materias do plan de estudos cualifícanse en escala  
21 numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse a  
22 súa correspondente cualificación cualitativa:
- 23 ○ 0-4.9: Suspenso (SS)
  - 24 ○ 5.0-6.9: Aprobado (AP)
  - 25 ○ 7.0-8.9: Notable (NT)
  - 26 ○ 9.0-10: Sobresáinte (SB)
- 27 7. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou  
28 alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu  
29 número non poderá exceder de unha por cada 20 alumnos/as  
30 matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non  
31 sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en  
32 cuxo caso poderase conceder unha soa “Matrícula de Honra”.
- 33 8. A obtención do título de Graduado ou Graduada en Deseño requirirá a  
34 superación da totalidade das materias, as Prácticas Externas e o  
35 Tránsito fin de grao, que constitúen o plan de estudos.

#### 36 **Artigo 14. - Reclamacións en contra das cualificacións**

38 Os alumnos e as alumnas descontentos coas cualificacións outorgadas  
39 poderán presentar a correspondente reclamación perante a dirección da  
40 Escola, segundo modelo que se estableza nas normas de  
41 funcionamento, a través da secretaría, nun prazo de dous días hábiles  
42 contados a partir do día de comunicación pública das cualificacións. A  
43 dirección remitirá a reclamación á xefatura da familia profesional, que no  
44 prazo de dous días hábiles logo de recibila, emitirá un informe razoado  
45 ratificando ou rectificando a cualificación. Este informe será remitido á  
46 dirección que resolverá no prazo de dous días hábiles logo da recepción  
47 do mesmo, de acordo co proposto no dito informe, e comunicará ao  
48 alumno ou alumna interesado e á xefatura de estudos, para o seu  
49 coñecemento e aos efectos de rectificación, se procede, da  
50 correspondente acta de cualificación.

#### 51 **Artigo 15. - Promoción e permanencia.**

- 1 1. Os alumnos e as alumnas disporán dun máximo de catro convocatorias  
2 para superar cada materia e dun máximo de dúas convocatorias para  
3 superar as Prácticas externas e o Traballo fin de grao, respectivamente.
- 4 2. Os alumnos e as alumnas que teñan esgotadas as convocatorias  
5 establecidas, poderán solicitar, perante a dirección da Escola, no prazo  
6 de quince días contados a partir da comunicación da cualificación que  
7 da lugar ao esgotamento da convocatoria, unha convocatoria adicional  
8 para cada materia por circunstancias especiais que deberán xustificar,  
9 sen que se poida considerar como xustificación a falta de rendemento  
10 académico ou a non asistencia á clase e demais actividades formativas  
11 programadas. As solicitudes que se presenten serán informadas pola  
12 xefatura de familia profesional que corresponda, facendo constar cantas  
13 circunstancias se considerasen relevantes e cantos informes  
14 complementarios estime oportunos. Unha vez elaborado o informe, que  
15 será preceptivo e vinculante, trasladarase á dirección, que resolverá nun  
16 prazo máximo de quince días, contados dende a data de presentación  
17 da solicitude do alumno.
- 18 3. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez  
19 para a presentación e a realización do exame e non implica o dereito de  
20 asistencia a clase.
- 21 4. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder de seis cursos  
22 académicos por especialidade.

## 23 **Capítulo V**

### 24 **Acceso as ensinanzas de grao en Deseño**

#### 25 **Artigo 16. – Requisitos xerais de acceso as ensinanzas de grao en Deseño**

- 26 1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de grao en  
27 Deseño requirirase estar en posesión do título de Bacharelato ou título  
28 declarado equivalente, ou ter superada a proba de acceso á  
29 Universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de  
30 acceso á que se refire o artigo 57.2 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de  
31 maio, de Educación, que terá como finalidade valorar a madurez, os  
32 coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas  
33 ensinanzas.
- 34 2. A superación da proba específica á que fai referencia o punto  
35 anterior faculta para matricularse unicamente no curso académico para  
36 cuxo acceso fose convocada, en calquera dos centros do Estado onde  
37 se cursen ditas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazos  
38 nos mesmos.

#### 39 **Artigo 17.-Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de 19** 40 **anos.**

- 41 1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou  
42 equivalente, e teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das  
43 probas, deberán superar a proba establecida no artigo 69.5 da Lei  
44 orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, debendo acreditar o  
45 aspirante os seus coñecementos e a madurez en relación cos  
46 obxectivos propios do bacharelato.
- 47 2. A proba á que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada  
48 convocatoria, coa antelación suficiente á respecto da data de realización  
49 da proba específica, para que os aspirantes que superen a primeira  
50  
51  
52

1 poidan realizar a segunda.

2

### **Artigo 18.- Acceso directo aos estudos de grao en Deseño.**

4 1. Poderán acceder aos estudos oficiais de grao en Deseño, sen realizar a  
5 proba específica sinalada no artigo 16 desta Orde, os aspirantes que  
6 estean en posesión dun Título de Técnico Superior en Artes Plásticas e  
7 Deseño.

8 2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e  
9 Innovación Educativa establecer a porcentaxe de prazas sobre o total das  
10 ofertadas en cada especialidade dos estudos de grao en Deseño, que se  
11 reservarán para esta modalidade de acceso, así como os criterios de  
12 prelación na súa adxudicación.

13

### **Artigo 19. - Convocatoria das probas de acceso**

15 De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 633/2010 de 14 de maio, polo  
16 que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en  
17 Deseño, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as probas de  
18 acceso convocaranse conforme ao procedemento que segue:

19 1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación  
20 Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización,  
21 desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de  
22 grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

23 2. As probas de acceso ás ensinanzas de grao en deseño  
24 realizaranse, cando menos, unha vez ao ano.

25 3. Aos efectos de garantir a eficacia dos principios de igualdade,  
26 mérito e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso  
27 ás ensinanzas de grao en Deseño, as probas terán carácter centralizado  
28 e serán supervisadas por unha comisión nomeada ao efecto pola  
29 Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
30 Educativa. As normas de funcionamento desta comisión serán obxecto  
31 de regulación específica por parte da dita Dirección Xeral.

32 4. A Dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación  
33 Educativa establecerá sistemas de información e procedementos de  
34 acollida para os alumnos de novo ingreso, que implicarán a todas as  
35 Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia. Estes sistemas e  
36 procedementos deberán incluír, no caso de aspirantes o ingreso con  
37 necesidades específicas derivadas de discapacidade, os servizos de  
38 apoio e asesoramento axeitado, que valorarán a posibilidade de  
39 adaptacións curriculares.

40

41

## **Capítulo VI**

42

### **Desenvolvemento das probas de acceso**

43

### **Artigo 20. - Admisión nas probas de acceso**

45 1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de rematado o prazo de  
46 inscrición, a Comisión de Probas de Acceso fará públicas do xeito que  
47 se determine na convocatoria, as listaxes de aspirantes admitidos, que  
48 serán únicas para cada especialidade convocada.

49 2. Os interesados terán un prazo de dous días hábiles, para presentar as  
50 reclamacións, cumprimentando e entregando na secretaría da Escola no  
51 que se inscribisen, o impreso oficial dispoñible na mesma.

52 3. Recibidas as reclamacións a Comisión de Probas de Acceso resolverá o

1 que proceda, e dará a coñecer as listaxes definitivas de admitidos, o  
2 calendario e lugar de celebración das probas, con unha antelación  
3 mínima de cinco días hábiles respecto do inicio das mesmas.

4

**5Artigo 21. - Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para  
6maiores de dezanove anos.**

7 1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de  
8 dezanove anos que deberán superar os aspirantes que non estean en  
9 posesión da titulación requirida, será única para todas as especialidades  
10 dos estudos de grao en deseño, e será válida para a realización da  
11 proba específica de acceso a todas as ensinanzas artísticas superiores  
12 na Comunidade Autónoma de Galicia.

13 2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.

14 3. A superación da devandita proba será condición indispensable para  
15 concorrer á proba específica de acceso aos estudos de grao en deseño.

16

**17Artigo 22. - Proba de acceso específica.**

18 1. A proba específica de acceso aos estudos de grao en Deseño  
19 será única para todos os aspirantes a cursar ditos estudos na  
20 Comunidade Autónoma de Galicia, e diferenciada segundo a  
21 especialidade dos mesmos.

22 2. A proba específica de acceso aos estudos de grao en Deseño  
23 versará sobre os coñecementos, aptitudes e habilidades para cursar con  
24 aproveitamento os estudos de grao en Deseño na especialidade que  
25 corresponda.

26

**27Artigo 23. - Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas  
28superiores para maiores de dezanove anos.**

29O resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas  
30superiores para maiores de dezanove anos expresarase en termos de APTO  
31ou NON APTO.

32

**33Artigo 24. - Avaliación da proba de acceso específica.**

34O resultado da avaliación da proba de acceso específica aos estudos de grao  
35en Deseño expresarase en termos numéricos nunha escala de 0 a 10, con  
36dous decimais, resultado da media aritmética das cualificacións dos membros  
37da Comisión Avaliadora da dita proba.

38

**39Artigo 25.- Comisións avaliadoras das probas de acceso aos estudos de  
40grao en Deseño.**

41 1.- A Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
42 Educativa nomeará unha Comisión Avaliadora para a organización,  
43 realización e avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas  
44 superiores para maiores de dezanove anos aos estudos de grao en  
45 deseño, integrada por profesorado de ensino secundario especialistas nas  
46 materias comúns do bacharelato, e de entre os integrantes da dita  
47 Comisión Avaliadora, en número impar en calquera caso, ao Presidente e  
48 Secretario da mesma.

49 2.-A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
50 Educativa nomeará unha Comisión Avaliadora encargada da organización,  
51 realización e avaliación das probas específicas de acceso aos estudos de  
52 grao en Deseño, integrada, cando menos, por cinco membros, en número

1 impar en calquera caso, dos corpos de profesores ou mestres de taller de  
2 artes plásticas e deseño con destino nas Escolas de Arte e Superiores de  
3 Deseño de Galicia, e de entre os membros da citada Comisión Avaliadora,  
4 en número impar en calquera caso, ao Presidente e Secretario da  
5 mesma.

6

#### 7 **Disposicións adicionais**

8

#### 9 **Primeira – Correspondencia na denominación das materias.**

10 Aos efectos do establecido na presente orde, os termos “materia” e  
11 “asignatura” aos que fai referencia o Real decreto 633/2010 de 14 de maio, polo  
12 que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en  
13 Deseño, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación,  
14 correspóndense, respectivamente, cos termos “área de coñecemento” e  
15 “materia”.

16

#### 17 **Segunda - Sistema de Xestión Calidade.**

18 1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
19 educativa, no ámbito das súas competencias, establecerá cantas  
20 normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de  
21 garantía interna da calidade dos centros de ensinanzas artísticas  
22 superiores.

23 2. As Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia deberán  
24 establecer protocolos e liñas de actuación segundo os parámetros  
25 establecidos pola Asociación Europea para a Garantía da Calidade da  
26 Educación Superior, e polas institucións nacionais e autonómicas que se  
27 determinen por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación  
28 Profesional e Innovación educativa.

29 3. Cada Escola de Arte e Superior de Deseño de Galicia establecerá un  
30 Sistema de Garantía Interna da Calidade coa finalidade de potenciar a  
31 mellora das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión.

32 4. O Sistema de Garantía Interna de Calidade seguirá as normativas  
33 establecidas polas administracións educativas en relación cos procesos  
34 de xestión, verificación, acreditación e auditorías de calidade.

35

#### 36 **Terceira – Implantación das ensinanzas de grao en Deseño**

37 Segundo o disposto no Real decreto 633/2010 de 14 de maio, polo que se regula  
38 o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño,  
39 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, na súa disposición  
40 adicional cuarta, no ano académico 2010-2011 iniciarase a implantación  
41 progresiva dos Estudos de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de  
42 Galicia.

43

#### 44 **Disposicións transitorias**

45 **Primeira** – De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real  
46 decreto 633/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das  
47 ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño, establecidas na Lei 2/2006,  
48 de 3 de maio de Educación, a Dirección Xeral de Educación, Formación  
49 Profesional e Innovación Educativa establecerá o sistema de recoñecemento  
50 de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores a entrada  
51 en vigor desta orde.

1 **Segunda** – Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non  
2 será de aplicación o establecido na presente orde. A Dirección Xeral de  
3 Educación, Formación Profesional e Innovación educativa comunicará aos  
4 centros as especialidades e o número de vacantes que en cada caso se  
5 determinen.

6

#### 7 **Disposicións derradeiras**

8

9 **Primeira.**- Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e  
10 Innovación Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para o  
11 desenvolvemento desta orde.

12

13 **Segunda.**- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no  
14 Diario Oficial de Galicia.

15

16 Santiago de Compostela, de 2010.

17

18 Jesús Vázquez Abad

19 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

1

2

## ANEXO I

3Aos efectos da presente Orde, ás abreviaturas que figuran nos cadros dos  
4plans de estudos das diferentes especialidades dos grao en Deseño, teñen o  
5seguinte significado:

6

7Caráct.:            Caracter da materia: F.B. (Formación Básica); O.E.:Obrigada na  
8especialidade;L.E.:Libre elección pola E.A.S.D.Neste concepto  
9consideraranse tanto as materia obrigadas para o  
10alumnado,configuradas pola E.A.S.D., como as materias optativas

11Tipo:                T. (Teórica); T.P.(Teórico-Práctica); P. (Práctica)

12Horas clase/semana: Horas de clase programadas semanalmente con presenza do  
13profesor/a

14Horas clase curso: Horas totais de clase que unha materia debe ter coa presenza do  
15profesor/a ó longo do curso

16Crédit. ECTS:       Total de créditos ECTS que se lle recoñecerán ó alumnado logo de  
17superar a materia.

18O plan de estudos conducente ó título de Graduado ou Graduada en Deseño estenderase ó  
19longo de 38 semanas lectivas completas para cada un dos cursos académicos nos que se  
20desenvolve

21

22

### I.1.- PLAN DE ESTUDOS DO GRAO EN DESEÑO NA ESPECIALIDADE DE

24

### GRÁFICO

25

#### 261º CURSO

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
FUNDAM. do DESEÑO	Fundamentos do Deseño.	F.B.	T.P.	6	228	12
LINGUAXES e TÉCNICAS de REPRESENTACIÓN e COMUNICACIÓN	Debuxo.	F.B.	T.P.	6	228	14
	Forma e Espazo.	F.B.	T.P.	4	152	6
	Sistemas de Representación.	F.B.	T.P.	2	76	6
	Laboratorio Dixital e de Imaxe.	F.B.	T.P.	4	152	12
HIST. das AA. e o DESEÑ.	Historia das Artes e o Deseño.	F.B.	T.	2	76	6
CIEN. APLIC. ó DESEÑO.	Ciencia Aplicada ó Deseño.	F.B.	T.	2	76	4
<b>TOTAIS:</b>				<b>26</b>	<b>988</b>	<b>60</b>

27

28

29

#### 302º CURSO

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/	Horas clase	Crédit.
---------------------	---------	---------	------	--------------	-------------	---------

1

12

				<i>semana</i>	<i>curso</i>	<i>ECTS</i>
TIPOGRAFÍA	Tipografía	O.E.	P.	2	76	6
CULTURA DO DESEÑO	Cultura do Deseño	F.B.	T.	2	76	4
TECNOLOXÍA DIXITAL APLICADA	Tecnoloxía dixital Aplicada I	O.E.	P.	6	228	12
	Fotografía	O.E.	P.	2	76	6
	Producción Gráfica	O.E.	P.	2	76	6
HIST. do DES. GRÁFICO	Historia do Deseño Gráfico	O.E.	T.	2	76	6
PROX. De DES. GRÁFICO	Proxectos de Deseño Gráfico I	O.E.	T.P.	6	228	14
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	----	2	76	6
<b>TOTAIS:</b>				<b>24</b>	<b>912</b>	<b>60</b>

1

## 23º CURSO

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
TECNOLOXÍA APLICADA ó DESEÑO GRÁFICO	Téc. Audiovisuais e de Animación	O.E.	P.	4	152	12
	Tecnoloxía Dixital Aplicada II	O.E.	P.	2	76	6
PROX. de DES. GRÁFICO	Proxectos de Deseño Gráfico II	O.E.	P.	6	228	16
XESTIÓN do DESEÑO	Xestión do Deseño	F.B.	T.	2	76	4
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	10	380	22
<b>TOTAIS:</b>				<b>24</b>	<b>912</b>	<b>60</b>

3

## 44º CURSO

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
PROX. de DES. GRÁF.	Proxecto Interdisciplinar	O.E.	P.	6	228	8
XESTIÓN do DES. GRÁF.	Xestión do Deseño Gráfico	O.E.	T.	2	76	4
PRÁCTICAS EXTERNAS	Prácticas Externas	O.E.	P.	-----	-----	12
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	10	380	16
TRABALLO FIN de GRAO	Traballo de Fin de grao	O.E.	T.P.	2	76	20
<b>TOTAIS:</b>				<b>20</b>	<b>760</b>	<b>60</b>

5

6

7

8

9

10 I.2.- PLAN DE ESTUDOS DO GRAO EN DESEÑO NA ESPECIALIDADE DE

11 INTERIORES

12

## 131º CURSO

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
FUNDAM. do DESEÑO	Fundamentos do Deseño.	F.B.	T.P.	2	76	6
	Debuxo aplicado:Proxectos I	F.B.	T.P.	6	228	12
	Debuxo	F.B.	T.P.	6	228	12

1

13

LINGUAXES e TÉCNICAS de REPRESENTACIÓN e COMUNICACIÓN	Espazo e Volume	F.B.	T.P.	4	152	6
	Xeometría Descritiva	F.B.	T.P.	4	152	6
	Tecnoloxía Dixital I	F.B.	T.P.	2	76	6
CIENC. APLI. Ó DESEÑO	Ciencia Aplicada ó Deseño	F.B.	T.P.	2	76	6
CULTURA do DESEÑO.	Cultura do Deseño	F.B.	T.	2	76	6
<b>TOTAIS:</b>				<b>28</b>	<b>1064</b>	<b>60</b>

1

**22º CURSO**

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
PROXECTOS de DESEÑO de INTERIORES	Proxectos II	O.E.	T.P.	6	228	16
	Tecnoloxía Dixital II	O.E.	T.P.	3	114	6
MATERIAIS e TECNOLOXÍA APLICADOS ó DESEÑO de INTERIORES	Construcción I	O.E.	T.P.	4	152	8
	Materiais	O.E.	T.P.	3	114	8
	Instalacións I	O.E.	T.P.	4	152	8
HIST. das AA. e o DESEÑ.	Historia do Arte e o Deseño	F.B.	T.	2	76	6
XESTIÓN do DES. INTER.	Lexislación	O.E.	T.	2	76	4
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	2	76	4
<b>TOTAIS:</b>				<b>26</b>	<b>988</b>	<b>60</b>

3

**43º CURSO**

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
PROXECTOS de DESEÑO de INTERIORES	Proxectos III	O.E.	T.P.	6	228	16
	Tecnoloxía Dixital III	O.E.	T.P.	3	114	6
MATER. E TECNOLOXÍA APLICADOS ó DESEÑO	Construcción II	O.E.	T.P.	4	152	12
	Instalacións II	O.E.	T.P.	3	114	8
HISTORIA do DESEÑO de INTERIORES	Historia do Deseño de Interiores	O.E.	T.	2	76	4
XESTIÓN do DESEÑO	Economía	O.E.	T.	2	76	4
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	4	152	10
<b>TOTAIS:</b>				<b>24</b>	<b>912</b>	<b>60</b>

5

**64º CURSO**

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
PROX. de DES. INTERIO.	Proxectos de Deseño de Interiores	O.E.	T.P.	4	152	6
MAT. E TEC. APLIC. ó DES. de INTRERIORES	Medicións	O.E.	T.P.	4	152	6
PRÁCTICAS EXTERNAS	Prácticas Externas	O.E.	P.	-----	-----	14
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	8	304	14
TRABALLO FIN de GRAO	Traballo de Fin de grao	O.E.	T.P.	2	76	20
<b>TOTAIS:</b>				<b>18</b>	<b>684</b>	<b>60</b>

7

1

1 I.3.- PLAN DE ESTUDOS DO GRAO EN DESEÑO NA ESPECIALIDADE DE  
2 MODA

3

41º CURSO

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
LINGUAXES e TÉCNICAS de REPRESENTACIÓN e COMUNICACIÓN	Debuxo e Técnicas Gráficas	F.B.	T.P.	4	152	8
	Volume e Espazo	F.B.	T.P.	3	114	8
	Sistemas de Representación	F.B.	T.P.	2	76	4
	Deseño Dixital	F.B.	T.P.	3	114	8
FUNDAMENTOS DO DESEÑO	Fundamentos do Deseño	F.B.	T.P.	2	76	4
	Deseño Básico	F.B.	T.	2	76	6
HIST. das ARTES e o DES	Historia da Arte	F.B.	T.	3	114	6
CIEN. APLIC. Ó DESEÑO	Fundamentos Científicos	F.B.	T.	2	76	4
PATRONAXE e CONFECCIÓN	Patronaxe Básico	O.E.	T.P.	3	114	4
	Tecnoloxía da Confección	O.E.	T.P.	3	114	6
<b>TOTAIS:</b>				<b>27</b>	<b>1026</b>	<b>60</b>

5

6

7

8

92º CURSO

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
LINGUAXES e TÉCNICAS de REPRES. E COMUNICACIÓN	Estruturas	F.B.	T.P.	2	76	4
	Deseño Gráfico Aplicado á Moda	F.B.	T.P.	2	76	6
PROXECTOS de DESEÑO de MODA	Deseño de Moda I	O.E.	T.P.	3	114	8
	Técnicas Creativas	O.E.	T.P.	2	76	4
	Modelismo e Prototipos	O.E.	T.P.	4	152	12
MATERIAIS e TECNOLOXÍA	Tecnoloxía Téxtil I	O.E.	T.P.	2	76	4
	Materiais Téxtiles I	O.E.	T.P.	3	114	6
PATRON. E CONFECC.	Patronaxe I	O.E.	T.P.	3	114	6
HIST. Do DES. De MODA	Historia da Moda	O.E.	T.	3	114	6
XEST. do DES. de MODA	Mercadotecnia da Moda	O.E.	T.	2	76	4
<b>TOTAIS:</b>				<b>26</b>	<b>988</b>	<b>60</b>

10

113º CURSO

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/ semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
LINGUAXES e TÉCN. de REPRES. e COMUNIC.	Fotografía e Medios Audiovisuais	F.B.	T.P.	3	114	6
CULTURA do DESEÑO	Cultura do Deseño	F.B.	T.P.	3	114	6
XESTIÓN do DESEÑO	Organización e Lexislación	F.B.	T.	2	76	4

1

15

MATER. E TECNOLOXÍA APLICADOS ó DESEÑO	Tecnoloxía Téxtil II	O.E.	T.	2	76	4
	Materiais Téxtiles II	O.E.	T.	2	76	6
PROXECTOS de DESEÑO de MODA	Deseño de Moda II	O.E.	T.P.	3	114	8
	Proxectos de Deseño de Moda	O.E.	T.P.	5	190	12
PATRON. E CONFEC.	Patronaxe II	O.E.	T.P.	3	114	8
ESTILISMO	Complementos i Estilismo	O.E.	T.P.	2	76	6
<b>TOTAIS:</b>				<b>25</b>	<b>912</b>	<b>60</b>

1

**24º CURSO**

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
PRÁCTICAS EXTERNAS	Prácticas Externas	O.E.	P.	-----	-----	18
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	10	380	20
TRABALLO FIN de GRAO	Traballo de Fin de grao	O.E.	T.P.	2	76	22
<b>TOTAIS:</b>				<b>12</b>	<b>456</b>	<b>60</b>

3

4

5

**I.4.- PLAN DE ESTUDOS DO GRAO EN DESEÑO NA ESPECIALIDADE DE**

6

**PRODUTO**

7

**81º CURSO**

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
LINGUAXES e TÉCNICAS de REPRESENTACIÓN e COMUNICACIÓN	Debuxo Artístico I	F.B.	T.P.	6	228	10
	Volume	F.B.	T.P.	4	152	6
	Técnicas de Expresión Gráfica	F.B.	T.P.	2	76	4
	Infografía I	F.B.	T.P.	2	76	6
	Xeometría Descritiva	F.B.	T.P.	2	76	8
FUNDAMENTOS do DESEÑO	Análise da Forma	F.B.	T.	3	114	4
	Teoría e Métodos do Deseño:	F.B.	T.P.	4	152	6
	Proxectos I					
H. das AA. e o DESEÑO	Historia do Deseño	F.B.	T.	2	76	6
CIENC. APLI. Ó DESEÑO	Fundamentos Científicos :	F.B.	T.	2	76	10
	Tecnoloxía dos Materiais					
<b>TOTAIS:</b>				<b>27</b>	<b>1026</b>	<b>60</b>

9

**102º CURSO**

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
FUNDAM. do DESEÑO	Ergonomía e Antropometría	F.B.	T.P.	2	76	4
LING. e TÉC. R. e COM.	Infografía II	F.B.	T.P.	2	76	8
PROX. de ENV. i EMBAL	Fundamentos e Tecnoloxía do Deseño Gráfico	F.B.	T.P.	2	76	8
PROXECTOS de	Modelos e Prototipos	O.E.	T.P.	4	152	10

1

DESEÑO de PRODUTO	Proxectos II	O.E.	T.P.	4	152	12
HIST. do DES. de PROD.	Historia do Deseño Industrial	O.E.	T.	2	76	4
MATERIAIS e TECNOLOX	Materiais Celulósicos e Polímeros	O.E.	T.P.	2	76	4
XEST. do DES. de PROD.	Mercadotecnia I	O.E.	T.	2	76	4
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	4	152	6
<b>TOTAIS:</b>				<b>24</b>	<b>912</b>	<b>60</b>

1

2

3

4

### 53º CURSO

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
MATER. E TECNOLOXÍA APLICADOS ó DESEÑO	Oficina Tecnoloxía: Organización Industrial e Laboral	O.E.	T.P.	2	76	4
	Metais e Aleacións	O.E.	T.	2	76	4
PROX. de ENV. i EMBAL.	Envases i Embalaxes	O.E.	T.P.	2	76	8
XESTIÓN do DESEÑO	Lexislación do Deseño: Economía e Organización de Empresa.	O.E.	T.	2	76	4
CULTURA do DESEÑO	Cultura do Deseño	O.E.	T.	2	76	6
PROXECTOS de DESEÑO de PRODUTO	Proxectos III	O.E.	T.P.	6	152	22
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	4	190	12
<b>TOTAIS:</b>				<b>20</b>		<b>60</b>

6

### 74º CURSO

<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Caráct.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/ semana</i>	<i>Horas clase curso</i>	<i>Crédit. ECTS</i>
PRÁCTICAS EXTERNAS	Prácticas Externas	O.E.	P.	-----	-----	18
LIBRE ELECC.. E.A.S.D. + OPTATIVAS	-----	L.E.	-----	10	380	20
TRABALLO FIN de GRAO	Traballo de Fin de grao	O.E.	T.P.	2	76	22
<b>TOTAIS:</b>				<b>12</b>	<b>456</b>	<b>60</b>

8

9